



CONCELLO

DE

36968 MEAÑO

(PONTEVEDRA)

REGULAMENTO DOS PAVILLÓNS DE COIRON E MEAÑO

XENERALIDADES

OBXECTO:

Artigo 1º- Dacordo coas facultades que a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local lle confire ó Concello, establece o presente Regulamento dos Pavillóns Municipais, que regulará o desenrolo das actividades deportivas que se levan a cabo nos mesmos.

Artigo 2º- O servizo dos Pavillóns Municipais levarase en réxime de xestión directa, sen perxucio da colaboración ou iniciativa particular, que virá obrigada a axustarse ás prescricións que se establezan neste Regulamento e ás normas que, no seu caso, dite a Corporación Municipal.

Artigo 3º- Ten por obxecto o presente Regulamento a ordenación das actividades deportivas, tanto de clubs deportivos, en réxime de competición ou formación, coma de colectivos non federados ou cidadás que desexen facer uso das instalacións e servizos, regulándose a súa prestación polo Concello.

DAS INSTALACIONES:


Artigo 4º- Os Pavillóns constan de dous edificios nos que se acollen:

PAVILLON DE COIRON:

- 1- PISTA POLIDEPORTIVA
- 2- VESTUARIOS
- 3- ALMACEN
- 4- VESTUARIO PARA ARBITROS
- 5- UN XIMNASIO

PAVILLON DE MEAÑO:

- 1- PISTA POLIDEPORTIVA
- 2- CATRO VESTUARIOS





CONCELLO

DE

36968 M E A Ñ O

(PONTEVEDRA) **Artigo 5º**– O Concello adscribirá unha persoa ós Pavillóns, que fará as funcións de Encargado dos mesmos, tendo ó seu cargo o mantemento, vixilancia e conservación das instalacións e aparellos deportivos, así coma o control de horarios e cobro das taxas.

DOS SERVICIOS:

Artigo 6º– Os Pavillóns terán a disposición das entidades deportivas, colectivos ou individuos, tódalas instalacións e aparellos necesarios para a práctica deportiva, que se relacionan no artigo 4º.

Artigo 7º– Aínda cando os Pavillóns estean abertos todo o ano, o horario público establececese entre ás 17–23 horas. Sendo o resto das horas adicadas ás distintas actividades deportivas dos colexios.

Artigo 8º– O Concello terá preferencia na organización de actos, debendo non obstante, caso de que algún deles coincida con outros xa programado, poñelo en coñecemento do club ou sección implicada coa suficiente antelación para poder solicitarlo aprazamento.

Artigo 9º– Igualmente, o Pavillón poderá ser utilizado para outros actos non deportivos, tendo que contar, neste caso, coa aprobación do Concello.

Artigo 10º– As faltas que se poidan cometer na utilización das instalacións dos Pavillóns serán calificadas coma leves graves e moi graves.

Artigo 11º– Son faltas leves aquelas que atenten contra o establecido no presente Regulamento, mentres non sexan calificadas como graves ou moi graves.

Artigo 12º– Serán faltas graves:

- Reincidencias nas faltas leves.
- Altercados e alborotos que produzan escándalo.
- Ofensas ou insultos ó persoal subalterno do Pavillón.
- Desacato ás ordes emanadas dos Organos de Goberno Municipais.
- Calquera outra que mereza tal calificación as resultas do expediente que se tramite.

Artigo 13– Serán faltas moi graves:

- Insultos ou agresións físicas ó persoal subalterno do Pavillón, ou persoal particular ó servizo das actividades que se desenvolvan no mesmo.
- Reincidencia no desacato das ordes municipais.
- Calquera outra que mereza tal calificación a resultas de expediente.





CONCELLO

DE

36968 M E A Ñ O

(PONTEVEDRA) **Artigo 14-** As sancións serán impostas pola Alcaldía para as leves, e pola Comisión Municipal de Goberno para as graves e moi graves. Para imposición de sancións por faltas leves non fará falla a apertura de expediente.

Artigo 15- Os tipos e cuantías a aplicar serán os seguintes:

- Faltas leves: multa de 1.000 a 5.000 pts. e privación de uso do Pavillón.
- Faltas graves: multa de 5.001 a 15.000 pts. con indemnización de danos materiais se os houbese.
- Faltas moi graves: multa de 15.001 a 50.000 pts. con indemnización de danos materiais si os houbese.

DISPOSICIONS TRANSITORIAS

PRIMEIRA: Unha Ordenanza Municipal, que se adxuntará ó presente Regulamento, establecerá o importe do prezo público a satisfacer polos usufructuarios do Pavillón.

SEGUNDA: O solicitante virá obrigado ó abono do prezo público no momento da solicitude. Cando se trate de tempo ilimitado ou concerto de actuación (curso escolar, campionato, temporada, etc..) o importe quedará establecido nas negociacións que se fagan, conforme a Ordenanza.

DISPOSICIONS FINAIS

PRIMEIRA: En todo o non previsto neste Regulamento estarase ó disposto tanto no Regulamento de Bens e Servicios das Corporacións Locais, coma en calquera outra disposición con competencia na materia.

